ACTIVIDADE: O cadro comparativo

O cadro comparativo constitúe unha forma práctica de sintetizar información e permite ver con claridade as similitudes e diferenzas dos elementos dun tema.

Materiais elaborados por:
Ramón Noche Fraga
Miguel Carricoba Armesto

Realizado durante unha LICENZA DE FORMACIÓN no curso 2012/13

BY NC SA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Como se fai?

1.Fai unha táboa, ben con axuda dun programa informático tipo Writer de LibreOffice ou Word de Office, ben a man. O número de columnas deben coincidir co número de elementos a comparar máis unha columna máis (para poñer as características)

2.Elabora unha lista dos elementos que queres comparar entre si e colócaos na primeira fila da táboa. Se o número de elementos a comparar é grande, podería ser máis útil poñelos na primeira columna. No noso caso, os elementos que imos comparar son as tres etapas da Prehistoria: Paleolítico, Neolítico, Idade dos Metais.

	PALEOLÍTICO	NEOLÍTICO	IDADE DOS METAIS

3.Elabora agora a lista das características que queres comparar e escríbeas na primeira columna. No caso de que a primeira columna estivese cos elementos a comparar, colocaríamos as características na primeira fila.

	PALEOLÍTICO	NEOLÍTICO	IDADE DOS METAIS
Cronoloxía			
Feito que marca o inicio da etapa			
Forma de vida			
Lugar de residencia			
Tipo de economía			
Principais actividades económicas			
Avances técnicos da época			
etc			

4. Completa a táboa poñendo en cada recadro o valor de cada característica de cada elemento.

	PALEOLÍTICO	NEOLÍTICO	IDADE DOS METAIS
Cronoloxía	De hai 2.000.000 Ate 7.000 a.C	Do 7.000 a.C Ate 4.000 a.C	Do 4.000 a.C. – Ate o I milenio a.C
Feito que marca o inicio da etapa	Aparición do ser humano	Desenvolvemento da agricultura e a gandaría	Desenvolvemento da metalurxia
Forma de vida	Nómade	Sedentaria	Sedentaria
Lugar de residencia			
Tipo de economía			
Principais actividades económicas			
Avances técnicos da época			
etc			

Non te esquezas de poñerlle un título ao teu cadro comparativo para saber de que vai ;-)

Completa ti agora este cadro comparativo entre as distintas etapas prehistóricas.

	PALEOLÍTICO	NEOLÍTICO	IDADE DOS METAIS
Cronoloxía			
Feito que marca o inicio da etapa			
Forma de vida			
Lugar de residencia			
Tipo de economía			
Principais actividades económicas			
Avances técnicos			
Organización social			
Enterramentos			
Manifestacións artísticas			
	Pinturas Rupestres		
Temática			
Cores			
Exemplos famosos			